

#beTelecoVigo: LPRO-Days

Museo Verbum, 3 de maio de 2024

A **Escola de Enxeñaría de Telecomunicación** da Universidade de Vigo está a organizar unha xornada didáctico-formativa na que se mostrarán proxectos tecnolóxicos desenvolvidos por estudantes dos últimos cursos desta escola.

A actividade se desenvolverá o 3 de maio (venres), no Museo Verbum (Vigo), en horario de mañá para os centros de ensino, e pola tarde para todo o público interesado. A continuación recollemos a información sobre a actividade por si pode ser do voso interese participar.

Cal é a finalidade?


Amosar o potencial das novas tecnoloxías para a solución de problemas cotiáns en distintos ámbitos (p. ex. Internet das cousas, realidade virtual, dispositivos portátiles, sistemas de control de tráfico, saúde, asistencia a persoas con discapacidade) e a capacidade de formación da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (EET) nestas tecnoloxías a través de proxectos realizados polas e polos seus estudantes.

En que consiste?

Durante unha xornada, estudantes do derradeiro curso do Grao en Tecnoloxías de Enxeñaría de Telecomunicación presentan os prototipos que desenvolveron. Os e as visitantes poderán experimentar cos prototipos e preguntar sobre os proxectos, tanto referido a cuestións técnicas, como metodolóxicas, competenciais, etc. Asemade, recibirán unha breve charla técnica. Agardamos resolver algúns dos “segredos” das novas tecnoloxías e amosar o potencial que poñen ao noso alcance.

Nas seguintes ligazóns da canle de Youtube da EET (<https://www.youtube.com/user/EETUVIGO/videos>) hai unha mostra dos traballos presentados nos anos 2023, 2022 e 2021:





- [3Traballos do curso 2022-2023:](#)
 - <https://www.youtube.com/playlist?list=PLdmAWKfj0WWQ7cUEIsABLHcnPg4sPOPm0>
- [Traballos do curso 2021-2022:](#)
 - <https://www.youtube.com/playlist?list=PLdmAWKfj0WWSKKUwObSg7r3UBRQ1VRg00>
- [Traballos do curso 2020-2021:](#)
 - <https://www.youtube.com/playlist?list=PLdmAWKfj0WWS-ycyxTDCMtMN0y1Nt81i->

Para poder ofertarlle a actividade ao máximo número de alumnas/os desenvolveremos catro sesións durante a mañá. Todas cos mesmos contidos e con prazas limitadas a 125 estudantes por sesión.

Que duración ten?

A actividade ten unha duración total de 120 minutos (visita e experimentación cos prototipos e máis a breve charla técnica).

- Primeira sesión: 9:30
- Segunda sesión: 10:30
- Terceira sesión: 11:30
- Cuarta sesión: 12:30

A quen vai dirixido?


Alumnado de BACH científico e tecnolóxico; 3º e 4º da ESO e FP tecnolóxicas

Cando?

O venres día 3 de maio de 2024.

Onde?

No Museo Verbum – Casa das Palabras (Vigo)



Como me inscribo?

Deberá chamar ao teléfono 986818652 (Subdirección de Difusión e Captación da EET) ou enviar un correo electrónico a teleco.lpro@uvigo.es a partir do 18 de marzo (luns) inclusive.

Cómpre indicar o número de estudantes e docentes que asistirá (así como a persoa e o teléfono de contacto, para esta actividade).

Cada centro poderá reservar unha sesión. No caso de quedar prazas libres, cubriranse con estudantes doutros centros solicitantes.

Importante: o transporte do alumnado vai pola conta de cada centro escolar participante. Lembrámosvos que a Concellería de Educación do Concello de Vigo pon á disposición dos centros de ensino o programa educativo municipal Vigo Educa (vigoeduca.vigo.org)

Dado que o número de visitas didácticas programadas para estudantes é limitado, a elaboración do cronograma de participación farase atendendo ao criterio de orde de solicitude.

Vigo, a 27 de febreiro de 2024

Asdo. Laura Docío Fernández
Subdirectora de Captación e difusión da Escola de Enxeñaría de
Telecomunicación (Universidade de Vigo)